

O futuro depende de nós

LA VOZ DE GALICIA

11/12/2017

A importancia do sector lácteo en Galicia é unha evidencia destacada. Desde o punto de vista económico representa cifras semellantes aos sectores da pesca, da madeira e do téxtil, e case tanto como o do automóbil, pero coa particularidade de que ten unha importancia estratéxica na ordenación do territorio, na conservación da paisaxe e no mantemento dos equilibrios medioambientais.

Foi un sector moi intervenido pola política comunitaria cun réxime de cotas que rematou no 2015 e que provocou unha crise non prevista, lonxe da aterraxe suave que se pretendía: a produción aumentou a nivel mundial, os prezos baixaron e por primeira vez en Galicia deixou de aumentar a produción o que pode ser síntoma dunha certa deslocalización.

Despois da crise de prezos, estes recuperáronse aceleradamente polo alto prezo alcanzado pola manteiga motivado polo descrédito das graxas vexetais. No entanto, observamos como

esta suba non se traslada nas mesmas magnitudes aos produtores en España, e sobre todo en Galicia, onde os diferenciais son de escándalo con respecto aos principais países produtores. A explicación disto pode atoparse na debilidade industrial que nos caracteriza e nun paquete lácteo demasiado rixido, onde os gandeiros non teñen ningunha posibilidade de negociación.

En calquera caso, os prezos actuais do leite e os dos insumos, permiten aos gandeiros unha situación de certa tranquilidade no curto prazo, pero isto non debe servir para esquecer que hai grandes ameazas latentes. A situación é moi complexa e ten mudado moito. Desde que entramos na UE houbo unha reconversión acelerada que nos levou das 100.000 explotacións ás 8.000 actuais, das cales menos de 3.000 producen máis do 80%. As industrias viviron nun certo paraíso sen competencia externa e o sector tiña moito peso político pola elevada pro-

boación rural.

As estruturas asociativas, sindicatos e cooperativas que hoxe permanecen, foron concibidas para aquela situación e xa non representan ben aos actores actuais, que tampouco crearon outras máis axeitadas. Moitas industrias desapareceron ou foron compradas por outras fórnas, con pouco apego ao país, e que en lugar de asumir a súa responsabilidade para ordenar a cadea láctea, prefíren esperar a que os seus competidores lles vaia peor para ocupar eses espazos. Por outra banda as organizacións interprofesionais e as administracións seguen sen interlocutores, mentres que a distribución continúa empregando o leite como produto reclamo, trasapando valor deste cara a outros sectores.

En definitiva, temos un sector potente, moi desequilibrado e cheo de ameazas e oportunidades. Temos unha produción exitosa con materias pendentes como a de aumentar a súa base territorial, a de manter o relevo xeracional, ou a de dotarse de organizacións representativas para a defensa do seu. A debilidade industrial é evidente e a vertebración da cadea deixa moito que desexar, polo que neste contexto resulta impres-

En definitiva, temos un sector potente, moi desequilibrado e cheo de ameazas e oportunidades

cindible elaborar unha estratexia onde cada quen asuma as súas responsabilidades e compromisos.

A situación non é boa pero pode ser peor. Depende do que estean dispostos a facer os verdadeiros protagonistas. Temos gandeiros e condicións para seguir medrando. Pasamos de ser insignificantes a estar entre as dez rexións máis produtoras de Europa.

O goberno español e sobre todo o galego, non poden seguir mirando para outro lado. O Leite é a única alternativa real para manter un rural vivo que evite o abandono e as consecuencias que diso derivan e que puidemos ver en Portugal ou no outono en Galicia. Todo depende de nós. Na e o camiño dese indispensable redeseñamento rural galego.

sarrollar un programa de promoción do cultivo e a produción de castaña por valor de 165.951,67 euros, con el fin de impulsar esta actividade e consolidarl a como alternativa económica en el campo gallego. La conselleira de Medio Rural destacou, durante la firma de este convenio de colaboración, que este tipo de acciones permiten mantener la población de estas áreas y poner en valor puestos de trabajo y rentas.

Patata: Asociación de productores y seguros

La Consellería de Medio Rural colaborará con la nueva asociación de productores Patata de la Limia en la organización de una jornada sobre seguros agrarios. La solicitud, que fue trasladada por la agrupación hace unos días, se resolvió favorablemente después de estudiar las distintas posibilidades que se ponían sobre la mesa y comprobar la temática, que se enmarca dentro del objetivo de Medio Rural de fomentar la contratación de pólizas. Aparte de esta acción, la consellería ofrecerá su ayuda a la nueva agrupación de productores.



Xosé Turnes
Presidente da Asociación Galega de Terra e Leite